

Os Tilos Merece Máis!



Os Tilos

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, é unha causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

Ante isto, desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade. Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Os Tilos

- ▶ Prestaremos especial atención ao coidado, asfaltado e mantemento de todas as rúas; así como á mellora da sinalización en toda a urbanización.
- ▶ Investiremos na conservación de espazos públicos, como a escola infantil e o colexio, ampliando o recinto do CEIP Os Tilos e buscando a posibilidade de habilitar un acceso ao pavillón, que, por outra banda, necesita acondicionar a súa entrada.
- ▶ Negociaremos a posibilidade de recuperar os servizos bancarios, cando menos coa instalación dun caixeiro.
- ▶ Promoveremos a mellora da situación do Centro Comercial.
- ▶ Dinamizaremos a Biblioteca con horarios máis amplos e novas actividades.
- ▶ Promoveremos un proxecto para o acondicionamento do parque, da zona de xogos e da piscina.
- ▶ Demandaremos a creación dun local social para as persoas maiores.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante para que Os Tilos avance** con Teo.

Máis Concellos BNG!



O BNG presenta unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Teo.

Nesta candidatura unimos a xuventude, temos o candidato máis novo, coa competencia e experiencia dos demais membros.

Unha nova xeración disposta a darlle vida a Teo, con propostas, con iniciativas pero tamén con preparación e capacidade técnica e política para resolver os problemas que vaíamos atopando no camiño.

O noso contrato é co pobo de Teo.

Traballaremos arreo para non deixar a ninguén atrás, a cidadanía orgullosa de ser deste concello debe ser o motor no que sustentemos os cambios e melloras nas que cremos e que o BNG vén demostrando por Galiza adiante que é posible crer. Só precisamos que vos apuntedes ao reto.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

OS TILOS